

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno
correspondente ao día 30 de marzo de 2026**

Con data trinta de marzo do ano dous mil vinte e seis, ás dez horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

D. Luis Menor Pérez

Deputados/as:

D.^a Marta Novoa Iglesias

D. Manuel Seoane Rodríguez

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a María Teresa Barge Bello

D. Plácido Álvarez Dobaño

Secretario:

D. Adamantino Barreiro García

Interventora:

D.^a María Begoña Álvarez Matos

A continuación iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

Ausencias xustificadas:

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. Jorge Pumar Tesouro

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 23 DE MARZO DE 2026 (Expte. 2026/12M/XGL).- A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 23 de marzo de 2026.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 23 de marzo de 2026, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PREMIO EDUADRO BLANCO AMOR 2026. Importe: 15.000,00 euros. (Expte. 2026/5456H).- De

conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as bases reguladoras e convocatoria da XLV edición do Premio de Novela Eduardo Blanco-Amor, correspondente ao ano 2026, co suxeición ás seguintes cláusulas:

Primeira.- Participantes.

Poderán participar no premio as persoas maiores de idade, de calquera nacionalidade, que presenten novelas orixinais, inéditas, non premiadas en ningún outro certame, nin publicadas ou rexistradas, total ou parcialmente, escritas en lingua galega coa normativa ortográfica vixente.

Non se poden presentar os/as autores/as premiados/as en edicións anteriores.

A Deputación de Ourense e a Fundación Blanco-Amor non se farán responsables das posibles denuncias de plaxio, que deberán dilucidar os afectados. Os participantes terán a obriga de comunicarlle á organización a concesión doutros galardóns que obteña a obra presentada. No momento no que esta situación se produza, procederase á súa exclusión.

Segunda.- Presentación.

A obra, acompañada dun sobre pechado coa correspondente plica, poderá presentarse no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Ourense ou por correo postal ao seguinte enderezo, facendo constar no exterior “para a XLV edición do Premio de Novela Eduardo Blanco-Amor”, Deputación de Ourense, rúa do progreso, 32, 32003 Ourense.

No interior do sobre incluírase:

1. Un único exemplar da obra en papel, correctamente paxinado e con dobre entrelíñado, presentado só baixo lema, sen ningún outro texto identificativo,

acompañado dun dispositivo de memoria USB, que inclúa a obra nun único arquivo en PDF.

2. A plica presentárase nun sobre pechado no que figurará, rotulado por fóra, o lema, e no seu interior:

a) Nome e apelidos e unha fotocopia do DNI.

b) Datos de contacto: número de teléfono, correo electrónico e enderezo postal.

c) Título da obra.

3. Os sobres que conteñan máis dun orixinal ou que engadan datos que poñan en cuestión o anonimato da obra serán excluídos.

Terceira.- Prazo.

Poderán presentarse orixinais ata o día 14 de setembro de 2026, no 129.º aniversario do nacemento en Ourense de Eduardo Blanco-Amor.

Cuarta.- Xurado.

O xurado será nomeado pola Fundación Eduardo Blanco-Amor, e estará composto por cinco membros de recoñecido prestixio no ámbito da cultura galega, presidido polo director da fundación.

O xurado reunirse na penúltima semana de novembro de 2026 e o seu ditame será inapelable e constará na correspondente acta asinada por todos os membros.

Facúltase ao xurado para a interpretación e resolución das posibles dúbidas destas bases no relativo á concesión do premio.

Quinta.- Premio.

Outorgarase un único premio indivisible, dotado con 15.000,00 €, coas correspondentes deducións fiscais, e unha peza escultórica orixinal.

O certame poderá ser declarado deserto, se así o estima o xurado por unanimidade.

O acto de entrega do XLV Premio de Novela Eduardo Blanco-Amor terá lugar o día 5 de decembro de 2026.

Sexta.- Publicación.

O gañador ou gañadora do premio, pode escoller libremente a editorial de

publicación, quen terá que remitirle á Fundación Blanco-Amor o contrato ordinario de cesión de dereitos asinado co autor ou autora. O acordo de publicación terá que recoller a data de publicación da obra, fixada, como máximo, en seis meses despois do ditame do xurado.

2º.- A convocatoria deste premio publicarase no BOP de Ourense e na sede electrónica da Deputación Provincial.

3º.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS MEDIANTE CONCORRENCIA COMPETITIVA A CONCELLOS DESTINADOS Á ADQUISICIÓN, REHABILITACIÓN E/OU MELLORA DE VIVENDAS DESTINADAS AO ALUGUEIRO RESIDENCIAL. (Expte. 2025/22295G).- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de

Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º) Inadmitir a trámite as seguintes solicitudes, polos motivos que se indican:

a) Solicitudes para as que se propón a súa inadmisión a trámite por cambio do obxecto da subvención solicitada inicialmente:

	CONCELLO	N.º HAB.	NIF	PROXECTO	MOTIVO
1	Rairiz de Veiga	1.154	P32068001	Rehabilitación destinada a vivenda en alugueiro en Ludro-Rairiz de Veiga	Ante a imposibilidade de documentalmente a titularidade catastral individualizada do inmovible obxecto da subvención, o Concello propuxo a substitución do inmovible inicialmente indicado, o que implica unha modificación do obxecto da subvención.

b) Solicitudes para as que se propón a súa inadmisión a trámite por non emendar as deficiencias existentes na súa solicitude, unha vez transcorrido o prazo de emenda concedido:

	CONCELLO	N.º HAB.	NIF	PROXECTO	MOTIVO
--	----------	-------------	-----	----------	--------

CONCELLO	N.º HAB.	NIF	PROXECTO	MOTIVO	
1	Rubiá	1.391	P3207400G	Adquisición y rehabilitación de vivienda destinada a alquiler residencial	Non se emendaron as deficiencias detectadas na súa solicitude. No trámite de emenda presentouse unha alegación que foi desestimada, ao tratarse dunha intervención total nunha edificación existente destinada a uso residencial, a cal require proxecto técnico asinado por arquitecto/a, tendo en conta o informe emitido polo Gabinete de asesoría xurídica e asistencia a municipios da Deputación.
2	Vilariño de Conso	501	P3209300G	Rehabilitación de catro vivendas en A Facenda	Non se emendaron as deficiencias detectadas na solicitude. No trámite de emenda solicitou o cambio do obxecto subvencionable, xa que o Concello non é titular do inmovible ao que se refería a subvención.

2º) Desestimar as seguintes solicitudes de subvención por esgotar a totalidade do crédito dispoñible na convocatoria, de acordo co disposto na base décima ,”As solicitudes que, cumprindo os requisitos esixidos, non obteñan subvención polo esgotamento da dotación económica, serán desestimadas por falta de crédito e formarán parte dunha lista de reserva na mesma orde de puntuación, en previsión de posibles renuncias.”:

CONCELLO	N.º HAB.	NIF	PROXECTO	IMPORTE SOLICITADO	
1	TABOADELA	1.480	P3208000D	Rehab. de vivienda unifamiliar	40.000,00

	CONCELLO	N.º HAB.	NIF	PROXECTO	IMPORTE SOLICITADO
2	RAMIRÁS	1.485	P3206900G	Rehab. de edificación para vivienda unifamiliar na Corredoira	40.000,00
3	CUALEDRO	1.538	P3202900A	Adaptación e acondicionamento de pranta baixocuberta para vivenda en edificio existente.	40.000,00
4	VILARDEVÓS	1.616	P3209200I	Acondicionamento de agrupacións de vivendas para fins sociais	2.967,48
5	PEROXA, A	1.793	P3206000F	Adquisición inmoble para a construción de vivenda destinada a alugueiro	40.000,00
6	VILAMARÍN	1.836	P3208800G	Obras de reparación e melloras enerxéticas nunha vivenda municipal	39.999,74
7	CARTELLE	2.466	P3202100H	Acondicionamento e rehab. de vivenda na antiga escola de A Lagoa	35.739,50
8	MONTERREI	2.403	P3205100E	Adquisición de vivenda en Infiesta	35.515,00

3º) Conceder, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, ós proxectos seguintes:

	CONCELLO	N.º HAB.	NIF	PROXECTO	IMPORTE CONCEDIDO
1	LAROUCO	484	P3203900J	Proyecto básico e de execución para a creación de vivenda, situadas en estrada de Langullo 2, Concello de Larouco	40.000,00
2	PARADA DE SIL	500	P3205800J	Rehab. de edificación para vivenda de uso social	40.000,00
3	CALVOS DE RANDÍN	650	P3201700F	Adquisición, rehab. e/ou mellora de vivendas destinadas a alugueiro residencial	40.000,00
4	XUNQUEIRA DE ESPADANEDO	696	P3203800B	Acondicionamento de	40.000,00

CONCELLO	N.º HAB.	NIF	PROXECTO	IMPORTE CONCEDIDO	
			vivenda social		
5	VILAR DE SANTOS	784	P3209100A	Adquisición e mellora de vivenda para alquiler	40.000,00
6	PORQUEIRA	806	P3206300J	Separación cadro eléctrico e amoblamento da vivenda destinada a alugueiro social Sabucedo	19.600,00
7	VEIGA, A	873	P3208400F	Obras de mellora de vivenda de titulariedade municipal destinada a aluguer residencial	40.000,00
8	VEREA	974	P3208500C	Remate obras e equipamento de vivenda social sita en Sabucedo	28.103,47
9	CORTEGADA	1.027	P3202800C	Rehab. de edificación de titularidade municipal con destino a alugamento social.	40.000,00
10	ENTRIMO	1.093	P3203100G	Renovación de elementos de cuberta en bloque de casas do Concello.	29.440,80
11	BOLA, A	1.139	P3201500J	Rehab. de vivenda para alugueiro	40.000,00
12	CARBALLEDA DE AVIA	1.172	P3201900B	Rehab. de vivenda con destino a alquiler social	40.000,00
13	MUÍÑOS	1.385	P3205200C	Reforma e mellora na habitabilidade da vivenda destinada a baixo cuberta	40.000,00
14	BANDE	1.460	P3200700G	Rehab. de vivenda destinada ao alugueiro residencial	22.855,73

CONCELLO	N.º HAB.	NIF	PROXECTO	IMPORTE CONCEDIDO
			TOTAL	500.000,00

No caso de Bande, indícase que a contía de subvención proposta é o resultado de aplicar a diferenza entre o importe solicitado polo beneficiario e o importe restante do reparto ao chegar a esta solicitude ata esgotar a contía máxima dispoñible para a concesión destas subvencións.

De todo isto emítase a presente proposta provisional de resolución, e, non habendo máis asuntos que tratar, dáse por rematada a sesión, sendo as 12:00 horas, recolléndose o actuado na presente acta, que asina comigo, a secretaria.

4º) Proceder á publicación do pertinente acordo no BOP e na sede electrónica da Deputación de Ourense, para coñecemento e efectos oportunos.

4º.- EXPROPIACIÓN PARA MOBILIDADE SOSTIBLE NA OU-1011 VERÍN (N-532) – OÍMBRA, CONCELLO DE OÍMBRA. (Expte. 2025/26842C).

- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1.- Resolver as alegacións presentadas no seguinte censo, visto o informe do Xefe de Negociado de Expropiacións:

“Jaime Antonio Pintos Pérez, xefe do Negociado de Expropiacións da Deputación de Ourense, INFORMA:

Que logo de que se sometese a información pública, nos termos previstos no artigo 18 da Lei de expropiación forzosa, a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa para a execución da obra “MOBILIDADE SOSTIBLE NA OU-1011 VERÍN (N-532) - OIMBRA. CONCELLO DE OIMBRA, Nº 25prx0042, no termo municipal de Oimbra, formuláronse as seguintes alegacións:

“D. ANTONIO DIAZ VILELA, maior de idade, con domicilio a efecto de notificacións en Rúa de Vigo, 64, San Marcos (Amoeiro-Ourense) e titular del NIF. 34.991.042-S, como mejor en derecho proceda, EXPONE:

Primero.- Con fecha 02/03/2026 se publicó en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense (BOP Ourense) la relación de propietarios y bienes y derechos afectados por la expropiación forzosa para la ejecución de las obras de movilidad sostenible en

la OU-1011 Verín (N532) Oimbra - Ayuntamiento de Oimbra, en la cual figura la Parcela 1142 del Polígono 15, referencia catastral 32054A015011420000SX, afectada por una superficie de 189,88 m².

Segundo.- El exponente, que aparece en dicha relación como propietario de la Parcela 1142 del Polígono 15, referencia catastral 32054A015011420000SX, tras haber consultado el proyecto en las oficinas del negociado de expropiaciones de la Diputación Provincial de Ourense, observa que las valoraciones presentadas en el proyecto son inexactas, ya que no reflejan la realidad del terreno ni su uso productivo actual. La expropiación reduce la parcela en la cara afectada por la obra, lo que impide el uso de la maquinaria necesaria para el laboreo habitual de la plantación de viñedo en espaldera. Esta reducción obliga al arranque de las plantas afectadas, así como la sustitución de los 18 postes de cabecera y sus anclas, además de tener que reposicionar y retensar los alambres del emparrado. Estas tareas deben realizarse en la época de reposo del viñedo (invierno), ya que, si se ejecutaran durante la época productiva, afectarían a la producción en curso de una parte significativa de la plantación, dejando sin sustento las plantas, lo que podría destruir el emparrado e incluso dañar la planta. Además, no se contempla la pérdida directa de los rendimientos económicos futuros, ni el coste de la reestructuración del viñedo actual. El exponente, tras haber comunicado esta situación a la persona que se identificó como "vigilante" de la Diputación Provincial de Ourense, recibió una valoración telefónica de aproximadamente 2200€, la cual únicamente cubre el valor de los postes y viñas a arrancar, pero no contempla su sustitución ni los rendimientos futuros.

Tercero.- La valoración realizada resulta manifiestamente insuficiente y no ajustada a Derecho, ya que no ha tenido en cuenta el lucro cesante derivado de la privación de la actividad económica que se venía desarrollando en la finca expropiada.

Cuarto.- De acuerdo con la normativa vigente en materia de expropiación forzosa y la reiterada jurisprudencia, el justiprecio debe incluir no solo el valor del bien expropiado, sino también todos los perjuicios efectivamente causados al expropiado, entre los cuales se incluye el lucro cesante, que es la pérdida de ingresos o beneficios futuros directamente vinculados a la explotación del bien. Quinto.- En el

presente caso, la finca expropiada estaba destinada a viñedo de secano de Denominación de Origen Monterrei, generando rendimientos económicos cuya pérdida no ha sido valorada ni compensada en el expediente.

Sexto.- La omisión de este concepto de indemnización vulnera el principio de indemnidad del expropiado, que exige que el afectado sea resarcido íntegramente por todos los daños y perjuicios sufridos como consecuencia de la expropiación.

Séptimo.- Según el consejo regulador de la Denominación de Origen Monterrei, se delimita una producción máxima por hectárea, según la variedad, de 10.000 kg a 13.200 kg de uva por hectárea. Este dato debe ser considerado para estimar tanto el rendimiento de la finca en términos de producción como de ingresos. En la campaña de 2025, los precios de la uva en la Denominación de Origen Monterrei han mantenido la tendencia alcista de los últimos años, alcanzando valores cercanos a 2 €/kg para las variedades de alta calidad. Este incremento en los precios refleja un aumento considerable en los ingresos potenciales por hectárea, lo que agrava aún más la pérdida de beneficios futuros de la explotación del viñedo expropiado.

Octavo.- Teniendo en cuenta la variabilidad de los precios del mercado de la uva dentro de la Denominación de Origen Monterrei, el rendimiento perdido en una horquilla de 15 a 30 años se estima entre 4560€ y 15048€.

Noveno.- En consecuencia, procede revisar la valoración efectuada e incorporar el cálculo del lucro cesante, de acuerdo con criterios objetivos como los rendimientos históricos de la actividad, su proyección razonable y el tiempo necesario para su reposición o reubicación. Por todo lo expuesto, SOLICITA: Que, teniendo por presentado este escrito, se sirva admitirlo y, en su virtud: 1. Se revise la valoración del justiprecio fijado en el expediente de expropiación referido. 2. Se incluya en la valoración la correspondiente indemnización por lucro cesante, debidamente cuantificada. 3. Se dicte resolución ajustada a Derecho que garantice la íntegra indemnidad de esta parte.”

A determinación do xustiprezo non corresponde a esta fase procedemental, senón a unha etapa posterior do expediente expropiatorio, unha vez practicada a ocupación urxente e formalizadas as actas previas e de ocupación. Só tras esas actuacións, que teñen carácter esencial para fixar con precisión o estado dos bens e dereitos

afectados, procede que a Administración formule a correspondente folha de aprecio individual a cada propietario, de conformidade cos artigos 24 e seguintes da Lei de Expropiación Forzosa. É nese momento cando se inicia propiamente o procedemento para a determinación do valor indemnizatorio, podendo as partes presentar as súas valoracións, formular alegacións específicas sobre criterios de cálculo e, se é o caso, acudir ao Xurado de Expropiación.

Por tanto, nesta fase preliminar do procedemento, limitada á información pública e á análise de aspectos formais ou materiais relacionados coa necesidade de ocupación, non resulta posible entrar a valorar cuestións relativas ao importe do xustiprezo, que quedan legalmente reservadas á fase subseguinte.

En consecuencia, a alegación formulada neste trámite debe ser desestimada, ao versar sobre unha materia allea ao obxecto actual do procedemento e que será tratada no momento procedimental oportuno.

No tocante á existencia de 14 postes metálicos e 26 unidades de cepas, que non estaban incluídos na ficha individualizada de bens da parcela, e visto o informe da aparelladora provincial, procede incluír os devanditos 14 postes metálicos e as 26 unidades de cepas na ficha individualizada de bens da parcela nº 2 do expediente expropiatorio.

En consecuencia, a alegación formulada neste trámite debe ser estimada.

A maiores da anterior alegación o mesmo propietario fai a seguinte alegación:

“D. ANTONIO DIAZ VILELA, maior de idade, con domicilio a efecto de notificacións en Rúa de Vigo, 64, San Marcos (Amoeiro-Ourense) e titular del NIF. 34.991.042-S, como mejor en derecho proceda DIGO :

Primero.- Con fecha 02/03/2026 se publicó, en el BOP Ourense, relación de propietarios y bienes y derechos afectados por la expropiación forzosa para la ejecución de las obras: movilidad sostenible en la OU-1011 Verin (N-532) Oimbra-Ayuntamiento de Oimbra. En dicha relación figura la Parcela 1251 del Polígono 15, referencia catastral 32054A015012510000SA, con propietario “DESCONOCIDO”.

Segundo.- Pues bien: el exponente, que en dicha relación figura como propietario de la Parcela 1142 del Polígono 15, referencia catastral 32054A015011420000SX, es también copropietario de la citada Parcela 1251 del Polígono 15, habiendo

pertenecido en su día, también en copropiedad, a la madre del exponente, D^a. Pilar Vilela Salgado, y con anterioridad a la abuela del exponente, D^a. Carmen Salgado Pardo. En su día, esa Parcela 1251 del Polígono 15 formaba parte de la viña entonces al nombramiento “Morouco”, accediéndose a la misma, desde la actual carretera de Verin- Oimbra, por lo que hoy constituye la Parcela 1251, siendo el acceso compartido por dos hermanas, a quienes fue adjudicada dicha viña en la partición de los bienes heredados de sus padres, las hermanas D^a. Rosario y D^a. Carmen Salgado Pardo. A cada una de ellas se le adjudicó la mitad de la viña, correspondiendo al Cupo 2, de D^a. Carmen Salgado Pardo, lo que hoy constituye la Parcela 1058 del Polígono 15 y al Cupo de D^a. Rosario Salgado Pardo, lo que hoy constituye la Parcela 1059 del Polígono 15, ignorándose por qué, en Catastro, la parte de la parcela que ambos cupos compartían como entrada para la viña que les fue adjudicada, aparece con una referencia catastral propia, independiente de cada uno de los cupos. Pero lo cierto es que esa parcela 1251 perteneció en su día, en pro indiviso, a las hermanas D^a. Rosario y D^a. Carmen Salgado Pardo, constituyendo la entrada, desde la carretera, hasta ambas viñas. Dicha parcela pasó, de D^a. Carmen Salgado, a su hija, la madre del exponente, D^a. Pilar Vilela Salgado, y a día de hoy pertenece al exponente. Como Documentos núms 1 a 4 se acompañan: - Hijuela del Cupo 2^o, de D^a. Carmen Salgado Pardo, donde consta la viña al nombramiento de “Morouco”, actuales Parcelas 1058, 1059 y 1251 del Polígono 15. - Declaración de herederos abintestato de D^a. Carmen Salgado Pardo, que acredita que la madre del exponente, D^a. Pilar Vilela Salgado, es su única heredera. -Libro de familia de los padres del exponente, donde consta el nacimiento del que suscribe. - Certificación catastral acreditativa de que, a día de hoy, la parcela 1058 del Polígono 15, de la que, junto con la Parcela 1059, procede la Parcela 1251 del dicho polígono, es de la titularidad del exponente.

Tercero.- Según tiene entendido esta parte, la otra mitad de la viña que había correspondido a D^a. Rosario Delgado Pardo, fue después adquirida por D^a. Luis Rodríguez Salgado y esposa, y D^a. María Isabel Rodríguez Salgado y esposo, y según se comenta, a día de hoy pertenecería ya solo a estos últimos, que junto con el exponente, serían los copropietarios de la Parcela 1251 del Polígono 15.

Por todo ello, SOLICITO: Que a la vista de la documentación que se aporta, se tenga al exponente como copropietario de la parcela 1251 del Polígono 15, a los fines del presente expediente de expropiación forzosa. En Verin, para Ourense, a 18 de marzo de 2026."

Vendo a documentación achegada xunto coa alegación formulada, procede facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRO: Conforme ao disposto nos artigos 3 e 4 da Ley de Expropiación Forzosa, así como nos artigos 3, 6 e concordantes do seu Regulamento, a Administración debe identificar de forma certa aos titulares dos bens e dereitos afectados, sendo necesario que quen alegue a condición de propietario acredite de maneira suficiente o seu dereito. No ámbito expropiatorio non resulta suficiente a mera invocación de titularidade nin a existencia de indicios, senón que se require unha proba cualificada do dominio.

Neste caso, a documentación achegada (hixuela hereditaria, declaración de herdeiros abintestato, libro de familia e certificación catastral) non constitúe título público acreditativo do dominio nin permite verificar de forma completa a cadea de transmisión dominical da Parcela 1251 do Polígono 15. En particular, a declaración de herdeiros acredita a condición de herdeiro, pero non a efectiva adxudicación de bens concretos, sendo precisa a correspondente escritura de partición hereditaria.

SEGUNDO: De acordo co artigo 609 do Código Civil, a propiedade adquirese por ocupación, lei, doazón, testamento e sucesión intestada, pero require, para a súa plena eficacia fronte a terceiros, a concorrencia dun título e dun modo de adquirir. No caso das transmisións hereditarias, a concreción da titularidade sobre bens determinados esixe a partición e adxudicación formal.

Así mesmo, conforme ao artigo 38 da Ley Hipotecaria, a titularidade rexistral goza de presunción de exactitude e lexitimación, polo que, en ausencia de inscrición ou certificación rexistral acreditativa, a Administración debe extremar as cautelas na identificación do titular expropiado. A falta de certificación do Rexistro da Propiedade ou de título público inscribible impide recoñecer con seguridade xurídica a titularidade alegada.

TERCEIRO: A certificación catastral achegada ten, conforme ao artigo 3 do Texto Refundido de la Ley del Catastro Inmobiliario, carácter meramente descritivo e non constitúe proba de dominio, polo que non resulta suficiente por si soa para acreditar a propiedade no presente expediente. Ademais, a circunstancia de que a parcela figure en estado de “investigación” reforza a inexistencia dunha titularidade catastral consolidada. Por outra banda, o documento privado achegado carece de eficacia fronte a terceiros conforme ao artigo 1227 do Código Civil, ao non constar a súa elevación a público, inscrición en rexistro público nin a súa presentación ante a Administración tributaria competente. Así mesmo, de acordo coa normativa reguladora do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, a falta de presentación e liquidación do acto impide dotar ao documento de data certa e oponibilidade fronte á Administración. En consecuencia, o dito documento non pode ser considerado título hábil para acreditar o dominio no presente procedemento expropiatorio.

En consecuencia, e de conformidade cos principios de seguridade xurídica e de correcta identificación do suxeito expropiado que rexen o procedemento, mentres non se achegue título público suficiente ou documentación que permita acreditar de forma indubidable a titularidade e a continuidade do trato xurídico sobre a Parcela 1251 do Polígono 15, non procede recoñecer ao alegante a condición de copropietario no presente expediente.

En consecuencia, a alegación formulada neste trámite debe ser desestimada, ao non quedar correctamente acreditada a titularidade do predio en investigación.

É canto cabe informar, sin prexuízo doutros criterios mellor fundados en Dereito.”

2.- Ter por declarada a utilidade pública, de conformidade co disposto no artigo 10 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, **das obras de “MOBILIDADE SOSTIBLE NA OU-1011 VERÍN (N-532) - OIMBRA. CONCELLO DE OIMBRA, Nº 25prx0042, no termo municipal de Oimbra,** cuxo proxecto foi aprobado definitivamente mediante resolución da Presidencia desta Deputación número 2025/16981, no termo municipal de Oimbra.

3.- Acordar definitivamente, o abeiro do disposto polo artigo 22, párrafo quinto, da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia. a **NECESIDADE DE OCUPACION, CON CARÁCTER URXENTE**, dos bens e dereitos necesarios para execución das obras **“MOBILIDADE SOSTIBLE NA OU-1011 VERÍN (N-532) - OIMBRA. CONCELLO DE OIMBRA, Nº 25prx0042, no termo municipal de Oimbra.**, aos efectos da expropiación forzosa tramitada por esta Deputación, de acordo co previsto no artigo 21 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa e de conformidade co reflectido no cadro seguinte:

Finca	Polig.	Parc.	Refer. Catastral	Propietario	Cultivo	Dominio
1	15	1251	32054A015012510000SA	- Desconocido	VIÑA SECAÑO	11,29
2	15	1142	32054A015011420000SX	- ANTONIO DIAZ VILELA	VIÑA SECAÑO	189,88
6	15	1150	32054A015011500000SZ	- HEREDEROS DE MARINA PARDO PEREZ	LABOR OU LABRADÍO SECAÑO	32,01
7	15	1151	32054A015011510000SU	- HEREDEROS DE MARINA PARDO PEREZ	LABOR OU LABRADÍO SECAÑO	35,29
8	15	1152	32054A015011520000SH	- JOSE PEDRO SANTANA SALGADO	LABOR OU LABRADÍO SECAÑO	119,06
9	15	1156	32054A015011560000SY	- HEREDEROS DE CONCEPCION PEREZ PARDO	LABOR OU LABRADÍO SECAÑO	17,81
11	15	1162	32054A015011620000SP	- HEREDEROS DE JOSEFA ELISA FERNANDEZ LOPEZ	LABOR OU LABRADÍO SECAÑO	6,75

4.- Notificar esta resolución ós interesados e ordenar a súa publicación no BOP, nun diario dos de maior circulación na provincia e no taboleiro de anuncios do concello afectado, de conformidade coa lexislación vixente.

5.- Vista a situación orzamentaria, pois o presuposto que sustenta a licitación é o orzamento de 2025, que incorporouse no orzamento do ano 2026, non se pode prorrogar a licitación e execucion das debantitas obras. Polo tanto, propónse que o presente informe-proposta se leve a consideración da próxima Xunta de Goberno e posteriormente se de conta a correspondente Comisión Informativa.

5º.- RESOLUCIÓN DO RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN PREENTADO POR DONA M^a CONCEPCIÓN FERNÁNDEZ GARCÍA. (Expte. 2026/670W).- De

conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. Mediante acordo da Xunta de Goberno, de data 19 de xaneiro de 2026, aprobáronse as bases reguladoras para o fomento das Actividades Escénicas e Musicais 2026.

Segundo. Mediante resolución da Presidencia núm. 2026/1174 de data 27 de xaneiro de 2026, previo informe da Intervención Xeral, deixouse sen efecto dita convocatoria por esgotamento do crédito orzamentario, non admitindo a trámite, en consecuencia, as solicitudes q entraran a partir desta data.

Este acordo foi ratificado na Xunta de Goberno de data 2 de febreiro de 2026.

Terceiro. O 5 de marzo de 2026 tivo entrada no Rexistro Xeral desta Deputación escrito presentado por dona M.^a Concepción Fernández García, en representación da Asociación Comisión de Festas de San Pedro de Moreiras polo que se interpón recurso de reposición.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Tipo de recurso interposto. Dona M.^a Concepción Fernández García, en representación da Asociación Comisión de Festas de San Pedro de Moreiras, interpuxo recurso potestativo de reposición ao amparo do disposto nos artigos 123 y 124 da Lei 39/2015 do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra a Resolución da Presidencia núm 2026/2617 (expdte. 2026/2901Q) de data 24/02/2026 pola que se lle denegou a subvención solicitada ao abeiro do concurso de actividades escénicas e musicais para o ano 2026.

II. Normativa aplicable. As fontes xurídicas para determina-los trámites aplicables son: en primeiro lugar a ordenanza de Subvencións desta Deputación provincial; en segundo lugar a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que aproba o Regulamento de

subvencións de Galicia, cada norma no seu ámbito e competencia; en terceiro lugar, a normativa de réxime local e, con carácter supletorio, a lexislación de réxime xurídico do procedemento administrativo das administracións públicas. Polo tanto, a Lei 39/2015, só se aplicará naqueles aspectos non regulados nas anteriores normas.

III. Cuestións procedimentais.

A recorrente, alega, de xeito sintético, que non se lle deu prazo de emenda de documentación, de conformidade co disposto nos artigos 68.1 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común e das AAPP e no 23.5 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións; así mesmo, tamén fai referencia á Sentencia da Audiencia Nacional 1477/2015, *“Los defectos puramente formales en la cumplimentación de impresos administrativos, cuando la información que se solicita existe y puede ser validamente aportada por el interesado, constituyen defectos subsanables en el sentido del artículo 68 LPA, no autorizando su existencia la exclusión sin trámite de subsanación”*

A solicitude de subvención quedou denegada porque “o promotor incumple a base décima e undécima do concurso, xa que non cubriu, na autoliquidación, no apartado de observacións, no que deberá figurar o nome do promotor, o nome do actuante, a data e a hora, imprescindible para o trámite, e a que presenta é incorrecta”.

Con respecto a isto, realízanse as seguintes consideracións:

A base décima, apartado 3) das que rexen a convocatoria, entre outros extremos, que a *“...autoliquidación deberá facerse conforme ao modelo dispoñible na sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense ou no seguinte enlace:*

https://sede.depourense.es/sta/CarpetaPublic/Public?APP_CODE=STA&PAGE_CODE=CREARLIQNOAUT#

Deberase cubrir o tipo de actuación (bandas, charangas, etc...), o número de membros segundo a listaxe publicada na páxina web da Sección de Subvencións.

Por outra banda, no cadro de observacións existente no modelo de autoliquidación, deberá figurar o promotor da actuación e o nome do grupo do que solicita a actuación, de xeito claro e inequívoco, así como a data e a hora da actuación solicitada.”

Así mesmo, a base undécima establece que no suposto de non efectuarse a dita autoliquidación de conformidade co disposto nas presentes bases, procederáse á denegación da subvención solicitada.

Cubrir o modelo de autoliquidación de conformidade co establecido na base décima resulta de obrigado cumprimento, non sendo un mero trámite administrativo senón que se trata dun documento esencial e determinante.

Neste senso, indícase que esta esixencia non é un mero formalismo senón que a falta de identificación da actuación cos datos establecidos e arriba indicados, impide vincular fidedignamente o pago realizado coa solicitude presentada, o que suporía un risco de duplicidade ou uso fraudulento do mesmo xustificante para distintas actuacións, non podendo así adoptar as medidas de control e transparencia.

Polo tanto, tendo en conta que a base undécima establece que no suposto de non efectuarse a dita autoliquidación de conformidade co disposto nas presentes bases, procederáse á denegación da subvención solicitada, esta entidade non está omitindo o trámite de requirimento de emnda senón que está aplicando a consecuencia xurídica prevista nas bases reguladoras da presente convocatoria.

En concordancia, **DISPOÑO**:

Desestimar o recurso interposto por Dona M.^a Concepción Fernández García, en representación da Asociación Comisión de Festas de San Pedro de Moreiras, interpuxo recurso potestativo de reposición ao amparo do disposto nos artigos 123 y 124 da Lei 39/2015 do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra a Resolución da Presidencia núm 2026/2617 (expdte. 2026/2901Q) de data 24/02/2026 pola que se lle denegou a subvención solicitada ao abeiro do concurso de actividades escénicas e musicais para o ano 2026 por non achegar o modelo de autoliquidación cos datos establecidos na base décima, apartado terceiro en relación coa base undécima das que rexen a convocatoria,

A base décima, apartado 3) das que rexen a convocatoria, entre outros extremos, que a “...autoliquidación deberá facerse conforme ao modelo dispoñible na sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense ou no seguinte enlace:

https://sede.depourense.es/sta/CarpetaPublic/Public?APP_CODE=STA&PAGE_CO DE=CREARLIQNOAUT#

Deberase cubrir o tipo de actuación (bandas, charangas, etc...), o número de membros segundo a listaxe publicada na páxina web da Sección de Subvencións.

Por outra banda, no cadro de observacións existente no modelo de autoliquidación, deberá figurar o promotor da actuación e o nome do grupo do que solicita a actuación, de xeito claro e inequívoco, así como a data e a hora da actuación solicitada.

Así mesmo, a base undécima establece que no suposto de non efectuarse a dita autoliquidación de conformidade co disposto nas presentes bases, procederase á denegación da subvención solicitada.

Cubrir o modelo de autoliquidación de conformidade co establecido na base décima resulta de obrigado cumprimento, non sendo un mero trámite administrativo senón que se trata dun documento esencial e determinante.

Neste senso, indícase que esta esixencia non é un mero formalismo senón que a falta de identificación da actuación cos datos establecidos e arriba indicados, impide vincular fidedignamente o pago realizado coa solicitude presentada, o que suporía un risco de duplicidade ou uso fraudulento do mesmo xustificante para distintas actuacións, non podendo así adoptar as medidas de control e transparencia.

Polo tanto, tendo en conta que a base undécima establece que no suposto de non efectuarse a dita autoliquidación de conformidade co disposto nas presentes bases, procederase á denegación da subvención solicitada, esta entidade non está omitindo o trámite de requirimento de emnda senón que está aplicando a consecuencia xurídica prevista nas bases reguladoras da presente convocatoria.

6º.- RESOLUCIÓN DO RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR DON MANUEL VISPO REY. (Expte. 2026/670W).- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. Mediante acordo da Xunta de Goberno, de data 19 de xaneiro de 2026, aprobáronse as bases reguladoras para o fomento das Actividades Escénicas e Musicais 2026.

Segundo. Mediante resolución da Presidencia núm. 2026/1174 de data 27 de xaneiro de 2026, previo informe da Intervención Xeral, deixouse sen efecto dita convocatoria por esgotamento do crédito orzamentario, non admitindo a trámite, en consecuencia, as solicitudes q entraran a partir desta data.

Este acordo foi ratificado na Xunta de Goberno de data 2 de febreiro de 2026.

Terceiro. O 5 de marzo de 2026 tiveron entrada no Rexistro Xeral desta Deputación os seguintes escritos polos que se interpoñen recursos de reposición contra as resolucións de presidencia que tamén se indican:

1. Don Manuel Vispo Rey, en representación da Asociación de Veciños San Pedro da Mezquita, presenta unha solicitude para o concurso de actividades escénicas e musicais para o ano 2026, para a Asociación Musical Os Caliqueños, para o día 8 de agosto de 2026, no lugar de San Pedro da Mezquita (A Merca), ás 21:00 h.
2. Manuel Vispo Rey, en representación da Asociación de Veciños San Pedro da Mezquita, presenta unha solicitude para o concurso de actividades escénicas e musicais para o ano 2026, para a Asociación Musical Os Caliqueños, para o día 16 de agosto de 2026, no lugar de San Pedro da Mezquita (A Merca), ás 09:00 h.
3. Don Manuel Vispo Rey, en representación da Asociación de Veciños San Pedro da Mezquita, presenta unha solicitude para o concurso de actividades escénicas e musicais para o ano 2026, para a Asociación Musical Os Caliqueños, para o día 16 de agosto de 2026, no lugar de San Pedro da Mezquita (A Merca), ás 15:30 h.
4. Don Manuel Vispo Rey, en representación da da Asociación de Veciños San Pedro da Mezquita, presentou solicitude de subvención para a actuación da Asociación Musical CLK, para o día 1 de febreiro de 2026, no lugar de San Pedro da Mezquita (A Merca), ás 17:00 h.
5. Don Manuel Vispo Rey, en representación da Asociación de Veciños San Pedro da Mezquita, presentou solicitude de subvención para a actuación da Asociación Musical CLK, para o día 1 de febreiro de 2026, no lugar de San Pedro da Mezquita (A Merca), ás 10:00 h.

6. Don Manuel Vispo Rey, en representación da Asociación Recreativa e Gastronómica Os Galos, presenta unha solicitude para o concurso de actividades escénicas e musicais para o ano 2026, para a Asociación Cultural Musical Os Caliqueños, para o día 15 de febreiro de 2026, no lugar de San Pedro da Mezquita (A Merca), ás 09:00 h.
7. Don Manuel Vispo Rey, en representación da Asociación Recreativa e Gastronómica Os Galos, presenta unha solicitude para o concurso de actividades escénicas e musicais para o ano 2026, para a Asociación Musical Os Caliqueños, para o día 15 de febreiro de 2026, no lugar de San Pedro da Mezquita (A Merca), ás 16:00 h., acompañada dun ingreso de 325,00 euros.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Tipo de recurso interposto. Don Manuel Vispo Rey, en representación da Asociación Cultural Festas de Francelos e da Asociación Recreativa e Gastronómica Os Galos, interpuxo recursos potestativos de reposición ao amparo do disposto nos artigos 123 y 124 da Lei 39/2015 do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra as resolucións da presidencia que se indican na parte dispositiva polas que se lle denegaron as subvencións solicitadas ao abeiro do concurso de actividades escénicas e musicais para o ano 2026.

II. Normativa aplicable. As fontes xurídicas para determina-los trámites aplicables son: en primeiro lugar a ordenanza de Subvencións desta Deputación provincial; en segundo lugar a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que aproba o Regulamento de subvencións de Galicia, cada norma no seu ámbito e competencia; en terceiro lugar, a normativa de réxime local e, con carácter supletorio, a lexislación de réxime xurídico do procedemento administrativo das administracións públicas. Polo tanto, a Lei 39/2015, só se aplicará naqueles aspectos non regulados nas anteriores normas.

III. Cuestións procedimentais.

Primeiramente e, en virtude dos principios de economía procesual e eficacia administrativa, e tendo en conta que tanto as pretensións do recorrente como a

motivación da resolución vai a ser idéntica nos sete supostos, procédese á acumulación dos expedientes para a súa resolución conxunta, de conformidade co disposto no artigo 57 da Lei 39/2015 do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Nos sete supostos, alega, de xeito sintético, que presentaron os xustificantes de pago mediante transferencia bancaria acreditando fidedignamente o seu pagamento, solicitando a anulación da denegación da subvención.

Con respecto a isto, realízanse as seguintes consideracións:

A base décima, apartado 3) das que rexen a convocatoria, entre outros extremos, que se deberá presentar *“Xustificante do pago da autoliquidación que debe realizar o solicitante de subvención, correspondente ao 50% do custo total da actuación subvencionable.*

A autoliquidación deberá facerse conforme ao modelo dispoñible na sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense ou no seguinte enlace:

https://sede.depourense.es/sta/CarpetaPublic/Public?APP_CODE=STA&PAGE_CODE=CREARLIQNOAUT#

Deberase cubrir o tipo de actuación (bandas, charangas, etc...), o número de membros segundo a listaxe publicada na páxina web da Sección de Subvencións.

Por outra banda, no cadro de observacións existente no modelo de autoliquidación, deberá figurar o promotor da actuación e o nome do grupo do que solicita a actuación, de xeito claro e inequívoco, así como a data e a hora da actuación solicitada.

Para efectuar o pago do 50% do custo total da actuación solicitada, o promotor poderá facelo directamente na propia autoliquidación (no apartado “pagar agora”) ou imprimir o documento de ingreso e acudir a unha das oficinas das entidades colaboradoras detalladas nesta.”

Así mesmo, a base undécima establece que no suposto de non efectuarse a dita autoliquidación de conformidade co disposto nas presentes bases, procederase á denegación da subvención solicitada.

Neste senso, indícase que esta esixencia da autoliquidación non é un mero formalismo senón que é o cauce procedimental único para a identificación tributaria

do ingreso polo que o incumprimento deste requisito é de obrigado cumprimento para non vulnerar o principio de igualdade ao tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, todo isto de conformidade co disposto nas bases que rexen a convocatoria de referencia.

En concordancia, **DISPOÑO:**

Desestimar os recursos interpostos por don don Manuel Vispo Rey, contra as Resolucións da Presidencia núm. 2026/1794 (exp. 2026/1906X), pola que se lle denegou a subvención para a actuación da Asociación Musical Os Caliqueños, para o día 8 de agosto de 2026, no lugar de San Pedro da Mezquita (A Merca), ás 21:00 h.; 2026/1783 (exp. 2026/1885N), pola que se lle denegou a subvención para a actuación da Asociación Musical Os Caliqueños, para o día 16 de agosto de 2026, no lugar de San Pedro da Mezquita (A Merca), ás 09:00 h.; núm. 2026/1782 (exp. 2026/1904P), pola que se lle denegou a subvención para a actuación da Asociación Musical Os Caliqueños, para o día 16 de agosto de 2026, no lugar de San Pedro da Mezquita (A Merca), ás 15:30 h.; núm. 2026/1679 (2026/1870C), pola que se lle denegou a subvención para a actuación da Asociación Musical CLK, para o día 1 de febreiro de 2026, no lugar de San Pedro da Mezquita (A Merca), ás 17:00 h.; núm. 2026/1671 (exp. 2026/1847C), pola que se lle denegou a subvención para a actuación da Asociación Musical CLK, para o día 1 de febreiro de 2026, no lugar de San Pedro da Mezquita (A Merca), ás 10:00 h.; núm. 2026/1677 (exp.2026/1874R), pola que se lle denegou a subvención para a actuación da Asociación Cultural Musical Os Caliqueños, para o día 15 de febreiro de 2026, no lugar de San Pedro da Mezquita (A Merca), ás 09:00 h.; núm. 2026/1678 (exp. 2026/1876A), pola que se lle denegou a subvención para a actuación da

Asociación Musical Os Caliqueños, para o día 15 de febreiro de 2026, no lugar de San Pedro da Mezquita (A Merca), ás 16:00 h., posto que a esixencia da autoliquidación non é un mero formalismo senón que é o cauce procedimental único para a identificación tributaria do ingreso polo que o incumprimento deste requisito é de obrigado cumprimento para non vulnerar o principio de igualdade ao tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, todo isto de conformidade co disposto nas bases que rexen a convocatoria de referencia.

7º.- RESOLUCIÓN DO RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR DON ÁLVARO PÉREZ GONZÁLEZ. (Expte. 2026/670W).- De

conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. Mediante acordo da Xunta de Goberno, de data 19 de xaneiro de 2026, aprobáronse as bases reguladoras para o fomento das Actividades Escénicas e Musicais 2026.

Segundo. Mediante resolución da Presidencia núm. 2026/1174 de data 27 de xaneiro de 2026, previo informe da Intervención Xeral, deixouse sen efecto dita convocatoria por esgotamento do crédito orzamentario, non admitindo a trámite, en consecuencia, as solicitudes q entraran a partir desta data.

Este acordo foi ratificado na Xunta de Goberno de data 2 de febreiro de 2026.

Terceiro. O 6 de febreiro de 2026 tiveron entrada no Rexistro Xeral desta Deputación os seguintes escritos polos que se interpoñen recursos de reposición contra as resolucións de presidencia que tamén se indican:

1. Don Álvaro Pérez González, contra a Resolución da Presidencia núm. 2026/1355, de data 30/01/2026, pola que se lle denegou a subvención para a actuación da Asociación Cultural Liradavia- A Lira, para o día 25 de xullo de 2026, no lugar de San Cristovo de Ribadavia (Ribadavia), ás 10:00 h.
2. Don Álvaro Pérez González, contra a Resolución da Presidencia núm. 2026/1356, de data 30/01/2026, pola que se lle denegou a subvención para a actuación da Asociación Cultural Liradavia- A Lira, para o día 21 de febreiro de 2026, no lugar de San Cristovo de Ribadavia (Ribadavia), ás 10:00 h.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Tipo de recurso interposto. Don Álvaro Pérez González, interpuxo recursos potestativos de reposición ao amparo do disposto nos artigos 123 y 124 da Lei 39/2015 do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra as Resolucións da Presidencia núm 2026/1355 de data 30/01/2026 e 2026/1356 da mesma data pola que se lle denegaron as subvencións solicitadas ao abeiro do concurso de actividades escénicas e musicais para o ano 2026.

II. Normativa aplicable. As fontes xurídicas para determinar os trámites aplicables son: en primeiro lugar a ordenanza de Subvencións desta Deputación provincial; en segundo lugar a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que aproba o Regulamento de subvencións de Galicia, cada norma no seu ámbito e competencia; en terceiro lugar, a normativa de réxime local e, con carácter supletorio, a lexislación de réxime xurídico do procedemento administrativo das administracións públicas.

III. Cuestións procedimentais.

Primeiramente e, en virtude dos principios de economía procesual e eficacia administrativa, e tendo en conta que tanto as pretensións do recorrente como a motivación da resolución vai a ser idéntica nos catro supostos, procédese á acumulación dos expedientes para a súa resolución conxunta, de conformidade co disposto no artigo 57 da Lei 39/2015 do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Nos dous supostos, alega, de xeito sintético, que os datos indicados nos anexos IV e V son inequívocos pese a que o cadro de observacións do modelo de autoliquidación viña sen cubrir.

Con respecto a isto, realízanse as seguintes consideracións:

A base décima, apartado 3) das que rexen a convocatoria, dispón entre outros extremos, que a "*...autoliquidación deberá facerse conforme ao modelo dispoñible na sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense ou no seguinte enlace:*

https://sede.depourense.es/sta/CarpetaPublic/Public?APP_CODE=STA&PAGE_CODE=CREARLIQNOAUT#

Deberase cubrir o tipo de actuación (bandas, charangas, etc...), o número de membros segundo a listaxe publicada na páxina web da Sección de Subvencións.

Por outra banda, no cadro de observacións existente no modelo de autoliquidación, deberá figurar o promotor da actuación e o nome do grupo do que solicita a actuación, de xeito claro e inequívoco, así como a data e a hora da actuación solicitada.

Así mesmo, a base undécima establece que no suposto de non efectuarse a dita autoliquidación de conformidade co disposto nas presentes bases, procederase á denegación da subvención solicitada.

Neste senso, indícase que esta esixencia non é un mero formalismo senón que a falta de identificación da actuación cos datos establecidos e arriba indicados, impide vincular fidedignamente o pago realizado coa solicitude presentada, o que suporía un risco de duplicidade ou uso fraudulento do mesmo xustificante para distintas actuacións, non podendo así adoptar as medidas de control e transparencia.

En concordancia, DISPOÑO:

1º) Desestimar os recursos interpostos por don Álvaro Pérez González, contra as Resolucions da Presidencia núm. 2026/1355, de data 30/01/2026 pola que se lle denegou a subvención para a actuación da Asociación Cultural Liradavia- A Lira, para o día 25 de xullo de 2026, no lugar de San Cristovo de Ribadavia (Ribadavia), ás 10:00 h. e núm. 2026/1356, de data 30/01/2026, pola que se lle denegou a subvención para a actuación da Asociación Cultural Liradavia- A Lira, para o día 21 de febreiro de 2026, no lugar de San Cristovo de Ribadavia (Ribadavia), ás 10:00 h.

por non achegar o modelo de autoliquidación cos datos establecidos na base décima, apartado terceiro en relación coa base undécima das que rexen a convocatoria, xa que a súa esixencia non é un mero formalismo senón que a falta de identificación da actuación cos datos establecidos e arriba indicados, impide vincular fidedignamente o pago realizado coa solicitude presentada, o que suporía un risco de duplicidade ou uso fraudulento do mesmo xustificante para distintas actuacións, non podendo así adoptar as medidas de control e transparencia.

2º) Notifíquese ao interesado.

8º.- RESOLUCIÓN DO RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR DON MANUEL FERNÁNDEZ REY. (Expte. 2026/670W).- De

conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. Mediante acordo da Xunta de Goberno, de data 19 de xaneiro de 2026, aprobáronse as bases reguladoras para o fomento das Actividades Escénicas e Musicais 2026.

Segundo. Mediante resolución da Presidencia núm. 2026/1174 de data 27 de xaneiro de 2026, previo informe da Intervención Xeral, deixouse sen efecto dita convocatoria por esgotamento do crédito orzamentario, non admitindo a trámite, en consecuencia, as solicitudes q entraran a partir desta data.

Este acordo foi ratificado na Xunta de Goberno de data 2 de febreiro de 2026.

Terceiro. O 9 de febreiro de 2026 tiveron entrada no Rexistro Xeral desta Deputación os seguintes escritos polos que se interpoñen recursos de reposición contra as resolucións de presidencia que tamén se indican:

1. Don Manuel Fernández Rey, en representación da Asociación Cultural Festas de Francelos, contra a Resolución da Presidencia núm. 2026/1620, de data 06/02/2026, pola que se lle denegou a subvención para a actuación da Agrupación Musical da Limia, para o día 22 de agosto de 2026, no lugar de Francelos (Ribadavia), ás 20:00 h.
2. Don Manuel Fernández Rey, en representación da Asociación Cultural Festas de Francelos, contra a Resolución da Presidencia núm. 2026/1614, de data 05/02/2026, pola que se lle denegou a subvención para a actuación da Agrupación Musical da Limia, para o día 22 de agosto de 2026, no lugar de Francelos (Ribadavia), ás 12:00 h.
3. Don Manuel Fernández Rey, en representación da Asociación Cultural Festas de Francelos, contra a Resolución da Presidencia núm. 2026/1613, de data 05/02/2026, pola que se lle denegou a subvención para a actuación da Asociación Cultural Liradavia- A Lira de Ribadavia, par a o día 27 de xuño de 2026, no lugar de Francelos (Ribadavia) , ás 20:00 h.
4. Don Manuel Fernández Rey, en representación da Asociación Cultural Festas de Francelos, contra a Resolución da Presidencia núm. 2026/1612, de data 05/02/2026, pola que se lle denegou a subvención para a actuación da Asociación Cultural Liradavia- A Lira de Ribadavia, para o día 27 de xuño de 2026, no lugar de Francelos (Ribadavia), ás 12:00 h.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Tipo de recurso interposto. Don Manuel Fernández Rey, en representación da Asociación Cultural Festas de Francelos, interpuxo recursos potestativos de reposición ao amparo do disposto nos artigos 123 y 124 da Lei 39/2015 do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra a Resolución da Presidencia núm 2026/1612 de data 05/02/2026 pola que se lle denegadas as subvencións solicitadas ao abeiro do concurso de actividades escénicas e musicais para o ano 2026.

II. Normativa aplicable. As fontes xurídicas para determina-los trámites aplicables son: en primeiro lugar a ordenanza de Subvencións desta Deputación provincial; en segundo lugar a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que aproba o Regulamento de subvencións de Galicia, cada norma no seu ámbito e competencia; en terceiro lugar, a normativa de réxime local e, con carácter supletorio, a lexislación de réxime xurídico do procedemento administrativo das administracións públicas. Polo tanto, a Lei 39/2015, só se aplicará naqueles aspectos non regulados nas anteriores normas.

III. Cuestións procedimentais.

Primeiramente e, en virtude dos principios de economía procesual e eficacia administrativa, e tendo en conta que tanto as pretensións do recorrente como a motivación da resolución vai a ser idéntica nos catro supostos, procédese á acumulación dos expedientes para a súa resolución conxunta, de conformidade co disposto no artigo 57 da Lei 39/2015 do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Nos catro supostos, alega, de xeito sintético, que os datos indicados no modelo de autoliquidación son inequívocos para a actuación que se pretende subvencionar, toda vez que é a primeira vez que se leva a cabo esta autoliquidación xerando confusión polo que solicita a readmisión no proceso.

Con respecto a isto, realízanse as seguintes consideracións:

A base décima, apartado 3) das que rexen a convocatoria, entre outros extremos, que a “...autoliquidación deberá facerse conforme ao modelo dispoñible na sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense ou no seguinte enlace:

https://sede.depourense.es/sta/CarpetaPublic/Public?APP_CODE=STA&PAGE_CODE=CREARLIQNOAUT#

Deberase cubrir o tipo de actuación (bandas, charangas, etc...), o número de membros segundo a listaxe publicada na páxina web da Sección de Subvencións.

Por outra banda, no cadro de observacións existente no modelo de autoliquidación, deberá figurar o promotor da actuación e o nome do grupo do que solicita a actuación, de xeito claro e inequívoco, así como a data e a hora da actuación solicitada.”

Así mesmo, a base undécima establece que no suposto de non efectuarse a dita autoliquidación de conformidade co disposto nas presentes bases, procederase á denegación da subvención solicitada.

Neste senso, indícase que esta esixencia non é un mero formalismo senón que a falta de identificación da actuación cos datos establecidos e arriba indicados, impide vincular fidedignamente o pago realizado coa solicitude presentada, o que suporía un risco de duplicidade ou uso fraudulento do mesmo xustificante para distintas actuacións, non podendo así adoptar as medidas de control e transparencia.

En concordancia, DISPOÑO:

Desestimar os recursos interpostos por don don Manuel Fernández Rey, contra as Resolucións da Presidencia núm. 2026/1620, pola que se lle denegou a subvención para a actuación da Agrupación Musical da Limia, para o día 22 de agosto de 2026, no lugar de Francelos (Ribadavia), ás 20:00 h; 2026/1614, pola que se lle denegou a subvención para a actuación da Agrupación Musical da Limia, para o día 22 de agosto de 2026, no lugar de Francelos (Ribadavia), ás 12:00 h.; núm. 2026/1613, pola que se lle denegou a subvención para a actuación da Asociación Cultural Liradavia- A Lira de Ribadavia, para a o día 27 de xuño de 2026, no lugar de Francelos (Ribadavia) , ás 20:00 h.; núm. 2026/1612, pola que se lle denegou a subvención para a actuación da Asociación Cultural Liradavia- A Lira de Ribadavia, para a o día 27 de xuño de 2026, no lugar de Francelos (Ribadavia), ás 12:00 h., por

non achegar o modelo de autoliquidación cos datos establecidos na base décima, apartado terceiro en relación coa base undécima das que rexen a convocatoria, xa que a súa esixencia non é un mero formalismo senón que a falta de identificación da actuación cos datos establecidos e arriba indicados, impide vincular fidedignamente o pago realizado coa solicitude presentada, o que suporía un risco de duplicidade ou uso fraudulento do mesmo xustificante para distintas actuacións, non podendo así adoptar as medidas de control e transparencia.

9º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2026 EN RELACIÓN CON ACTUACIÓN NO CONCELLO DE MONTERREI. (Expte . 2025/20305S).- De

conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º.- Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2026 no Concello de Monterrei, do xeito seguinte:

Causan baixa do plan as seguintes actuacións, no Programa investimentos con achega provincial:

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Construción de local social en Sandín. Anualidade 2025	68.838,00	68.838,00	0,00

Causan alta no plan as seguintes actuacións, no Programa de Investimentos con achega provincial:

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Construcción de local social en Sandín. Anualidade 2026	68.838,00	68.838,00	0,00

2º.- Do citado acordo deberá darse conta á corporación provincial na seguinte sesión celebrada por aquela.

10º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2026 EN RELACIÓN CON ACTUACIÓN NO CONCELLO DE TOÉN. (Expte. 2025/20360R).- De conformidade coa proposta

favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º.- Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2026 no Concello de Toén, do xeito seguinte:

Causan baixa do plan as seguintes actuacións, no Programa de investimentos con achega provincial:

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Actuacións de mellora do velorio de Moreiras	48.367,25	48.367,25	0,00

Causan alta no plan as seguintes actuacións, no Programa de investimentos con achega provincial:

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Reposición de firmes en Alongos: camiño novo do Barrio O Santo e subida de Amieiral	48.367,25	48.367,25	0,00

2º.- Do citado acordo deberá darse conta á corporación provincial na seguinte sesión celebrada por aquela.

11º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2026 EN RELACIÓN CON ACTUACIÓNS NO CONCELLO DO BOLO. (Expte. 2025/20248G).

- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º.- Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2026 no Concello do Bolo, do xeito seguinte:

Causan baixa do plan as seguintes actuacións, no Programa de gasto corrente e amortización de débeda con achega provincial:

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Contratación dun peón e un	35.537,29	35.537,29	0,00

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
conductor desprezadora			

Causan alta no plan as seguintes actuacións, no Programa de gasto corrente e amortización de débeda con achega provincial:

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Contratación dun peón, un conductor desprezadora e gastos de persoal laboral fixo propio do Concello	35.537,29	35.537,29	0,00

2º.- Do citado acordo deberá darse conta á corporación provincial na seguinte sesión celebrada por aquela.

12º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE AMOEIRO, PARA “MELLORA DE PAVIMENTACIÓN EN POBOANZA”. Importe: 40.000,00 euros. (Expte. 2026/408Q).

- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Amoeiro, nos seguintes termos:

-Importe: 40.000,00 euros.

-Obxecto: Mellora da pavimentación en Poboanza.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do proxecto presentado para a concesión da subvención (40.000,00 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

No caso de axudas en concorrencia co Plan Cooperou ou con outras administracións, indicar separadamente qué gastos se imputan a cada unha das subvencións.

7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

As actuacións obxecto deste expediente serán executadas pola entidade beneficiaria con suxeición ó disposto na lexislación vixente de contratos do sector público e na normativa sectorial de aplicación. Daráselle absoluta preferencia á utilización dos procedementos de contratación aberto e restrinxido (en canto procedementos ordinarios de contratación). Non obstante o anterior e previa resolución motivada da que quedará constancia no expediente, poderá recorrerse a calquera outros procedementos que poidan resultar de aplicación de conformidade co disposto na lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do sector público (en adiante LCSP). De recorrerse a procedementos de contratación menor, deberá constar expresamente no expediente que a actuación non incorre en alteración ou fraccionamento do obxecto do contrato co fin de eludir as normas xerais de contratación e, no caso das obras, que constitúe unha obra completa nos termos reflectidos na LCSP. A estes efectos, faise constar que existe fraccionamento, en todo caso e sen prexuízo doutros supostos, cando nun mesmo exercicio adxudícanse dous ou mais contratos menores cuxo obxecto sexa idéntico ou de similar natureza, entendo como tal, en todo caso, verbo da contratación de obras e servizos, as prestacións correspondentes o mesmo grupo e subgrupo de clasificación dos enunciados respectivamente nos artigos 25 e 37 do regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas aprobado por R.D. 1098/2001, do 12 de outubro. Non se

admitirá a execución directa de obras nin a fabricación de bens mobles polos servizos municipais, ben sexa empregando exclusivamente medios propios non personificados ou ben coa colaboración de empresarios particulares, co fin de simplificar o trámite de xustificación das axudas e evitar a incoación de eventuais procedementos de reintegro ou perda do dereito a percibir a subvención, por defectos no dito trámite.

Nos contratos menores, deberase ter en conta o concepto de **unidade funcional ou operativa** previsto no artigo 101.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, coa interpretación que recollen os diversos informes da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, tales como o número 9/2018, do 5 de abril de 2018, o número 45/2018 do 2 de xullo de 2018, o número 111/2018 de 15 xullo de 2019, ou o número 14/2020 de 29 de xullo de 2020.

Sen prexuízo do anterior, o órgano de control interno desta Deputación, levará a cabo as actuacións de comprobación que procedan no marco do control financeiro da entidade. Neste senso, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións

As subvencións nominativas concedidas son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do seu organismo autónomo, o INORDE, para os mesmos gastos ou por entidades ou empresas privadas, sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actuación subvencionada.

No caso de concorrer unha subvención do Plan Cooperou cunha subvención nominativa concedida por esta Deputación Provincial para a mesma finalidade, deberase garantir a ausencia de sobrefinanciamento.

Para isto, os beneficiarios teñen a obriga de desagregar e indicar expresamente a imputación de cada gasto á axuda correspondente. Un mesmo xustificante ou factura non poderá ser financiado por ambas liñas de axuda de forma simultánea, salvo que se especifique claramente a contía exacta ou a porcentaxe de participación asumido por cada unha, sen superar en ningún caso o custo total da actuación.

Nestes supostos de concorrencia, o prazo de xustificación quedará subordinado ao prazo establecido no respectivo Plan de Cooperación.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de outubro de 2026.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá

solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

13º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE BALTAR, PARA “EQUIPAMENTO PARA ESPAZOS PÚBLICOS”. Importe: 15.000,00 euros.

(Expte. 2026/421Y).- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Baltar, nos seguintes termos:

-Importe: 15.000,00 euros.

-Obxecto: Equipamento para espazos públicos.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do proxecto presentado para a concesión da subvención (15.000,00 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

No caso de axudas en concorrencia co Plan Cooperou ou con outras administracións, indicar separadamente qué gastos se imputan a cada unha das subvencións.

7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

As actuacións obxecto deste expediente serán executadas pola entidade beneficiaria con suxeición ó disposto na lexislación vixente de contratos do sector público e na normativa sectorial de aplicación. Daráselle absoluta preferencia á utilización dos procedementos de contratación aberto e restrinxido (en canto procedementos ordinarios de contratación). Non obstante o anterior e previa resolución motivada da que quedará constancia no expediente, poderá recorrerse a calquera outros procedementos que poidan resultar de aplicación de conformidade co disposto na lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do sector público (en adiante LCSP). De recorrerse a procedementos de contratación menor, deberá constar expresamente no expediente que a actuación non incorre en alteración ou fraccionamento do obxecto do contrato co fin de eludir as normas xerais de contratación e, no caso das obras, que constitúe unha obra completa nos termos reflectidos na LCSP. A estes efectos, faise constar que existe fraccionamento, en todo caso e sen prexuízo doutros supostos, cando nun mesmo exercicio adxudícanse dous ou mais contratos menores cuxo obxecto sexa idéntico ou de similar natureza, entendo como tal, en todo caso, verbo da contratación de obras e servizos, as prestacións correspondentes o mesmo grupo e subgrupo de clasificación dos enunciados respectivamente nos artigos 25 e 37 do regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas aprobado por R.D. 1098/2001, do 12 de outubro. Non se admitirá a execución directa de obras nin a fabricación de bens mobles polos servizos municipais, ben sexa empregando exclusivamente medios propios non personificados ou ben coa colaboración de empresarios particulares, co fin de simplificar o trámite de xustificación das axudas e evitar a incoación de eventuais procedementos de reintegro ou perda do dereito a percibir a subvención, por defectos no dito trámite.

Nos contratos menores, deberase ter en conta o concepto de **unidade funcional ou operativa** previsto no artigo 101.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, coa interpretación que recollen os diversos informes da Xunta

Consultiva de Contratación Pública do Estado, tales como o número 9/2018, do 5 de abril de 2018, o número 45/2018 do 2 de xullo de 2018, o número 111/2018 de 15 xullo de 2019, ou o número 14/2020 de 29 de xullo de 2020.

Sen prexuízo do anterior, o órgano de control interno desta Deputación, levará a cabo as actuacións de comprobación que procedan no marco do control financeiro da entidade. Neste senso, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións

As subvencións nominativas concedidas son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do seu organismo autónomo, o INORDE, para os mesmos gastos ou por entidades ou empresas privadas, sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actuación subvencionada.

No caso de concorrer unha subvención do Plan Cooperou cunha subvención nominativa concedida por esta Deputación Provincial para a mesma finalidade, deberase garantir a ausencia de sobrefinanciamento.

Para isto, os beneficiarios teñen a obriga de desagregar e indicar expresamente a imputación de cada gasto á axuda correspondente. Un mesmo xustificante ou factura non poderá ser financiado por ambas liñas de axuda de forma simultánea, salvo que se especifique claramente a contía exacta ou a porcentaxe de participación asumido por cada unha, sen superar en ningún caso o custo total da actuación.

Nestes supostos de concorrencia, o prazo de xustificación quedará subordinado ao prazo establecido no respectivo Plan de Cooperación.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa

completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de outubro de 2026.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

14º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE CARBALLEDA DE VALDEORRAS, PARA “REPARACIÓN E RECUPERACIÓN DE BEIRARRÚAS E ESPAZO URBANO NO NÚCLEO DE SOBRADELO”. Importe: 79.999,97 euros. (Expte. 2026/509W).- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a

Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Carballeda de Valdeorras, nos seguintes termos:

-Obxecto: Reparación e recuperación de beirarrúas e espazo urbano no núcleo de Sobradelo.

-Importe da subvención que se consignou na modificación 10/2025 do orzamento do exercicio 2025: 80.000,00 euros.

-Orzamento de gastos presentado polo solicitante: 79.999,97 euros.

-Importe que procede reducir en base ao orzamento presentado: 0,03 euros.

-Importe que procede conceder: 79.999,97 euros.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
